



concello

Porto do Son

Rúa Atalaia s/n, 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Teléfono: 981 867 412
Fax: 981 767 358

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HA DE REXER NO CONTRATO ADMINISTRATIVO "SUBMINISTRACIÓN DUN TRACTOR E DÚAS ROZADORAS FORESTAIAS. CONCELLO DE PORTO DO SON", A ADXUDICAR POR PROCEDIMENTO ABERTO CON MÚLTIPLES CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

1) Condicións xerais.

1.- Este prego, que ten carácter de documento contractual, constitúe o conxunto de normas, instrucións e especificacións que, xunto co prego de prescricións técnicas particulares, rexerán na contratación, cumprimento e extinción do contrato.

Tamén terán a consideración de documentación contractual e formarán parte do contrato, ademais do documento administrativo de formalización, as ofertas técnicas e económica do adxudicatario.

2.- No caso de contradicción entre o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

2) Natureza do contrato.

O presente contrato, de conformidade co establecido no art. 9 TRLCSP, ten a natureza de contrato administrativo de subministración.

Atendendo ao seu orzamento, non se trata dun contrato suxeito a regulación harmonizada.

3) Obxecto do contrato. Necesidades administrativas a satisfacer.

1.- O obxecto do contrato ao que se refire este prego é a subministración dos bens que se describen no apartado 1 do anexo I, coas características descritas no prego de prescricións técnicas particulares.

2.- A realización das prestacións obxecto do contrato é necesaria para realizar actuacións de protección do medio ambiente e do espazo natural, en especial as relativas á prevención e extinción de incendios.

4) Codificación do contrato.

Correspondeñlle ao presente contrato os códigos da Nomenclatura CPV e NUTSS indicados no apartado 1 do anexo I.

5) Procedemento de adxudicación.

O contrato adxudicarase polo procedemento indicado no apartado 4 do anexo I, de acordo co establecido no artigo 138 e seguintes TRLCSP.

6) Orzamento do contrato.

1.- O orzamento base de licitación ascende á cantidad expresada no apartado 3 do anexo I, distribuído nas anualidades previstas no mesmo.

A determinación do orzamento do contrato e do seu valor estimado efectuouse tendo en conta os prezos e ofertas existentes no mercado.

2.- O cálculo do orzamento do contrato inclúe todos os factores de valoración e gastos que segundo os documentos contractuais e a lexislación vixente son de conta do adxudicatario, así como os tributos de calquera índole, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, que figura como partida independente.

7) Financiamento do contrato.

1.- A execución do contrato está amparada polo crédito orzamentario contemplado nas partidas que se indican no **apartado 3 do anexo I**, dos Orzamentos Xerais do Concello de Porto do Son para o ano 2017.

Para o financiamento do contrato o Concello de Porto do Son recibiu unha subvención da Consellería do Medio Rural por importe de 90.000,00 euros.

8) Duración do contrato.

A subministración de deberá realizarse nos lugares indicados polo concello no prazo máximo indicado no **apartado 14 do anexo I**, a contar desde o seguinte ao de formalización do contrato.

9) Órganos de contratación e con competencias en materia de contabilidade. Destinatario da facturación.

1.- O órgano de contratación é a Alcaldía do Concello de Porto do Son. Este órgano ten facultade para adjudicar o contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbdas que ofrece o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxección á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

2.- O órgano municipal con competencias en materia de contabilidade pública é a Intervención municipal.

3.- O destinatario da facturación será o Concello de Porto do Son. Para os efectos de facturación electrónica faise constar que os niveis de organización municipal e os seus códigos son os seguintes:

- Oficina contable: LA0001841-INTERVENCIÓN
- Órgano xestor: LA0001840-ALCALDÍA
- Unidade tramitadora: LA0001843-CONCELLO DE PORTO DO SON

10) Perfil do contratante.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, o Concello de Porto do Son publicará no seu perfil do contratante, accesible na dirección web <http://www.portodoson.gal>, a información relativa ao contrato de referencia.

LICITACIÓN E ADXUDICACIÓN

11) Capacidad para contratar.

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 54 e 60 TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

As empresas deberán ser persoas físicas o xurídicas cunha finalidade ou actividade que teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e disponan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

A administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 TRLCSP.



Os que acudan á licitación poderán facelo por si ou representados por persoa autorizada mediante poder bastante, sempre que non se atope incursa nalgunha das causas que se enumeran no artigo 60 TRLCSP. Cando en representación dalgunha sociedade, civil ou mercantil, concorra algúm membro da mesma, deberá xustificar documentalmente que está facultado para iso.

12) Presentación de proposicións.

1.- As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Porto do Son no prazo indicado no **apartado 7 do anexo I**, contados desde o seguinte ao de publicación no BOP da Coruña do anuncio de licitación, en horario de 09:00 a 14:00 horas.

Cando as proposicións se remitan por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da proposición mediante comunicación telegráfica, fax ou telefax o mesmo día da presentación. Sen a concorrencia deste requisito non será admitida a proposta. Non obstante, transcorridos dez días desde a data da comunicación referida sen ter recibido a documentación, esta non será admitida.

2.- A presentación de proposicións supón, por parte do empresario, a aceptación íntegra e incondicional deste prego, e do de prescripcións técnicas que rexen no presente contrato, sen excepción algúnh.

Cada empresario non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros empresarios se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A contravención destas prohibicións dará lugar á inadmisión de todas as proposicións por el subscritas.

13) Forma e contido das proposicións.

1.- As proposicións presentaranse redactadas en lingua galega ou castelá ou traducidas oficialmente a estas lingüas e constarán de **tres (3) sobres**, numerados correlativamente, pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, debendo figurar no exterior de cada un deles a lenda "**Subministración dun tractor e dúas rozadoras forestais. Concello de Porto do Son**", o nome e apelidos do licitador ou razón social da empresa e o seu correspondente NIF. No seu interior farase constar unha relación numérica dos documentos que conteñen.

2.- Os sobres presentaranse do xeito que se indica a continuación:

A) Sobre nº 1 "Documentación": conterá a seguinte documentación:

- a) Unha declaración responsable de cumprimento das condicións legalmente establecidas para contratar coa Administración, axustada ao modelo recollido no **anexo 2**.

Para o caso de que varios empresarios concorran agrupados en unión temporal (UTE), deberán aportar un documento, en escritura pública ou privada, na que se comprometan, para o caso de resultar adjudicatarios, a constituir unha unión temporal de empresas. Este documento virá asinado polos representantes de cada unha das empresas e nel indicarase a participación que corresponda a cada empresa na UTE e designarase un representante da mesma perante a Administración con poder bastante para exercitar os dereitos e cumplir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo.

Cada un dos empresarios que vaian integrar a UTE deberá presentar a declaración responsable prevista nesta cláusula.

- b) Para os efectos do previsto na cláusula 15.2, no seu caso, declaración responsable sobre o número de traballadores fixos discapacitados e porcentaxe que representan sobre o total do cadro de persoal, xunto cos documentos TC 2 do persoal da empresa e copia das resolucións ou certificados acreditativos do grao e vixencia da discapacidade dos traballadores.
- c) No suposto de que o empresario concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos do art. 145 TRLCSP, deberá presentar unha declaración facendo constar esa circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas. Esta declaración deberá constar en cada unha das proposicións presentadas polas empresas vinculadas que concorran á licitación.

Terán a consideración de empresas vinculadas as que se atopen nalgún dos supostos previstos no art. 42 do Código de Comercio.

- d) A indicación da parte do contrato que se teña previsto subcontratar, se así se require no **apartado 17 do anexo I**, sinalando o seu importe, e o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que vaian encomendar a súa realización.

B) Sobre nº 2 "Criterios avaliables mediante xuízo de valor".

Neste sobre incluirase a documentación técnica prevista no **apartado 9 do anexo I** relativa aos criterios de adxudicación avaliables mediante un xuízo de valor descritos no **apartado 8 do anexo I**.

C) Sobre nº 3 "Criterios avaliables automaticamente".

Neste sobre incluirase a documentación relativa aos criterios de adxudicación avaliables automaticamente que se indican no **apartado 9 do anexo I**:

- a) Ampliación do prazo de garantía e redución do prazo de entrega: compromiso axustado ao modelo contido no **anexo III** dos pregos.
- b) Oferta económica: a proposición económica presentarase redactada conforme ao modelo fixado no **anexo IV** ao presente prego.

No caso de non coincidir a suma do "prezo sen IVE" mais o "importe do IVE" co "importe total" presumirse que o "importe total" é o ofertado e que inclúe o IVE. Por outra banda, se a cantidade da proposición económica expresada en cifras e letra é diferente sempre se estará a esta última.

Non se admitirán as ofertas económicas e, en consecuencia procederase á excluír do procedemento a proposición, que conteñan omisións, erros ou raspaduras que impidan coñecer claramente o que a Administración estime fundamental para considerar a oferta.

Non se terán por correctas nin válidas aquelas ofertas económicas que conteñan cifras comparativas ou expresións ambiguas, as que se presenten con emendas ou raspaduras que poidan inducir a dúbida racional sobre o seu contido, así como as que excedan do prezo de licitación. En tales casos, esos defectos serán considerados como insubsanables, producindo o rexeitamento da oferta.

3.- Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento basee de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que lle fagan inviable, será refugada pola mesa de contratación ou o órgano de negociación, de existir, sen que sexa causa bastante para o rexeitamento o cambio ou omisión dalgunhas palabras do modelo se iso non altera o seu sentido.

4.- Os licitadores, sen prexuízo do establecido no TRLCSP sobre a información que debe proporcionárselle e a publicidade da adxudicación, poderán designar como confidencial parte da información facilitada ao formular as súas ofertas, en especial no relativo ao segredo técnico ou comercial e aos aspectos confidenciais da oferta.

5.- A Administración poderá comprobar en calquera momento a veracidade das condicións e requisitos ofertados, antes da adxudicación do contrato ou durante a súa vixencia. Poderá efectuar tal comprobación por si mesma ou mediante requerimento ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios.

A falsidade ou inexactitude dos datos ou o incumprimento do requerimiento determinará o rexeitamento da proposición ou, no seu caso, a resolución do contrato, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito se deriven.

14) Garantías.

1.- Se así se especifica no **apartado 11 do anexo I**, para tomar parte na licitación, os licitadores deberán constituir previamente, a disposición do órgano de contratación, unha garantía provisional polo importe sinalado no devandito apartado.



Cando o licitador presente a súa proposición baixo a forma de unión temporal de empresarios, a garantía provisional poderá constituírse por unha ou varias das empresas participantes, sempre que no seu conxunto alcance a contía esixida no apartado **11 do anexo I** e garanta solidariamente a todos os integrantes da unión.

En canto á forma e requisitos da garantía, estarase ao previsto no artigo 103 do TRLCSP, así como ao disposto nos artigos 55, 56 e 57 do RXLCAP, en canto non se opoña ao previsto na devandita Lei.

A garantía provisional permanecerá vixente até a adxudicación do contrato, extinguíndose automaticamente e sendo devolta aos licitadores non propostos adxudicatarios inmediatamente despois. Ao licitador cuxa proposición fose seleccionada para a adxudicación reteráselle a garantía provisional ata que proceda á constitución da definitiva. Será incautada a das empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación, sendo de aplicación o establecido no artigo 62 do RGLCAP.

En todo caso, a garantía provisional responderá o mantemento das proposicións presentadas polos licitadores até a adxudicación. Para o que resulte adxudicatario responderá tamén do cumprimento das obrigacións impostas no artigo 151.2 do TRLCSP.

2.- O licitador proposto para a adxudicación deberá prestar unha garantía igual ao 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, IVE excluído, segundo o previsto no **apartado 11 do anexo I**.

A garantía definitiva responderá os conceptos a que se refire o artigo 100 do TRLCSP.

A garantía definitiva constituirase de conformidade co preceptuado nos artigos 96 a 99 do TRLCSP e 55, 56 e 57 do RXLCAP, en canto non se opoña ao previsto no TRLCSP.

Cando como consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, reaxustarase a garantía no prazo de 15 días naturais, contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación, a efectos de que garde a debida proporción co prezo do contrato resultante da modificación. No mesmo prazo contado desde a data en que se fagan efectivas as penalidades ou indemnizacións o adxudicatario deberá repor ou ampliar a garantía na contía que corresponda, incorrendo, en caso contrario, en causa de resolución.

3.- En canto á garantía complementaria prevista no artigo 95.2 do TRLCSP, estarase, no seu caso, ao disposto no **apartado 11 do anexo I**, tendo, para todos os efectos, a consideración de garantía definitiva. A garantía total poderá alcanzar, no seu caso, a porcentaxe do 10 por cento do prezo do contrato.

ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN

15) Criterios de adxudicación.

1.- O contrato adxudicarase ao licitador que ofertase a proposición economicamente más vantaxosa de acordo cos criterios de adxudicación detallados no **apartado 8 do anexo I**.

2.- Consonte ao establecido pola Disposición Adicional 4ª TRLCSP, en caso de igualdade entre as proposicións más vantaxosas terán preferencia na adxudicación as empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu cadro de persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%. Para o caso de que varias empresas das que empataran en canto á proposición más vantaxosa acreditasen ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2%, terá preferencia o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade.

16) Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

Considerarase que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados nos supostos descritos no **apartado 8 do anexo I**.

Cando se considere anormal ou desproporcionada unha oferta darase audiencia ao licitador por prazo de 5 días naturais para que a xustifique e procederese segundo o previsto no art. 152 TRLCSP, logo de solicitar o asesoramento técnico do servizo correspondente.

Para o caso de que o órgano de contratación estime que a oferta non pode ser cumplida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, acordará a adxudicación provisional a favor da seguinte oferta máis vantaxosa.

17) Mesa de contratación. Órgano de negociación.

A mesa de contratación ou o órgano de negociación, segundo proceda, estarán integrados polas persoas indicadas no **apartado 10 do anexo I**.

18) Cualificación da documentación presentada, apertura e exame das proposicións e valoración dos criterios de adxudicación.

1.- Concluído o prazo de presentación de proposicións, no primeiro día hábil seguinte ao finalización do prazo de presentación de proposicións e logo da recepción das proposicións remitidas por correo procederese á apertura do sobre nº 1 ("Documentación") presentada polos licitadores e comprobará a súa corrección.

A falta de presentación da declaración responsable terá a consideración de defecto non subsanable e determinará a exclusión do procedemento do licitador.

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións subsanables, rexeitamento de proposicións e demais actuacións da mesa de contratación) estarase ao disposto no art. 160 TRLCSP e no RD 817/2009, do 8 de maio.

2.- Verificada a integridade documental do sobre nº 1, a mesa de contratación convocará o acto público de apertura do sobre nº 2 ("Criterios availables mediante xuízo de valor"), que terá lugar nun prazo de cinco (5) días a contar desde a apertura do sobre nº 1. A convocatoria publicarase no perfil do contratante e no taboleiro de anuncios do concello.

3.- Emitido o informe de avaliación das propostas contidas no sobre nº 2, nun prazo máximo de cinco (5) días, a mesa de contratación convocará o acto público de apertura do sobre nº 3 ("Criterios availables automaticamente"). Nesa sesión, constituída a mesa de contratación e antes da apertura de proposicións, o presidente dará conta da puntuación acadada polos licitadores no referido aos criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor.

4.- A mesa de contratación clasificará as propostas dos licitadores por orde decrecente de puntuación e elevará ao órgano de contratación a proposta de adxudicación razonada que estime adecuada, que incluirá en todo caso a ponderación dos criterios indicados no presente prego, acompañada das actas das súas reunións e da documentación xerada nas súas actuacións e, no seu caso, dos informes emitidos. Esta proposta non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte ao concello (art. 160.2 TRLCSP).

19) Procedemento de adxudicación.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentou a oferta economicamente más vantaxosa para que, dentro do prazo de cinco (5) días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que recibise o requerimento, presente a seguinte documentación:

1.- Capacidad de obrar.

1.1.- Empresario persoa xurídica:

- Escritura de constitución ou modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o for, a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

- Código de Identificación Fiscal (CIF).

Eses documentos, que serán **orixinais ou copias compulsadas**, deberán recoller o exacto réxime xurídico do licitador no momento da presentación da proposición.

1.2.- Empresario **persoa física**:

- DNI ou documento que, no seu caso, o substitúa regulamentariamente.

Deste documento deberá presentarse **copia auténtica ou fotocopia compulsada**.

1.3.- Empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo:

- A capacidade de obrar acreditarase mediante a súa inscrición nun rexistro profesional ou comercial, cando este requisito sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo, ou a presentación das certificacións que se indican no Anexo I 1 do RGLCAP, para os contratos de subministración.

Terán capacidade para contratar co sector público as empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea que, con arranxo á lexislación do Estado en que estean establecidas, se atopen habilitadas para realizar a prestación de que se trate. Cando a lexislación do Estado en que se atopen establecidas estas empresas esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder realizar a prestación de que se trate, deberán acreditar que cumplen este requisito.

1.4.- Empresas estranxeiras non comprendidas no parágrafo anterior:

- Informe da Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa no que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou na súa falta, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.
- Informe da Misión Diplomática Permanente de España ou do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo sobre a condición de Estado signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio, sempre que se trate de contratos suxeitos a regulación harmonizada ou, en caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 55.1 do TRLCSP.

1.5.- Documentación acreditativa da habilitación empresarial ou profesional precisa a realización do contrato, no seu caso, conforme ao requerido no **apartado 6 do anexo I**.

2.- Representación.

Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro ou representen a unha persoa xurídica, deberán achegar:

- Poder notarial suficiente para representar ao licitador en cuxo nome se concorre verificado pola Secretaría do Concello, pola Avogacía do Estado ou pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

Se o documento acreditativo da representación contivese delegación permanente de facultades, deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil.

- Copia do DNI do representante.

Deste documento deberá presentarse **copia auténtica ou fotocopia compulsada**.

3.- Declaracións relativas a non estar incuso en prohibicións e incompatibilidades para contratar coa Administración.

- Declaración responsable, conforme ao modelo fixado no **anexo V** do presente prego, de que o empresario, de ser unha persoa física, ou a empresa, os seus administradores e representantes, de ser persoa xurídica, así como o asinante da proposición, non están incursos en ningunha das prohibicións e incompatibilidades para contratar sinaladas no artigo 60 do TRLCSP, nos termos e condicións previstas no mesmo.

4.- Solvencia económica, financeira e técnica.

Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica nos termos e polos medios que se relacionan no **apartado 5 do anexo I**.

Para acreditar a solvencia, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que, para a execución do contrato, dispón efectivamente deses medios.

5.- Unións temporais de empresarios.

No caso de que o contrato se adxudicase a unha unión temporal de empresarios, esta acreditará a súa constitución en escritura pública, así como o NIF asignado á devandita unión antes da formalización do contrato. A duración da unión será coincidente coa do contrato, até a súa extinción.

Respecto da determinación da solvencia económica e financeira e técnica da unión temporal e aos seus efectos, acumularanse as características acreditadas para cada un dos integrantes da mesma.

6.- Declaración de sometemento á xurisdición española polas empresas estranxeiras.

As empresas estranxeiras deberán presentar declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponderlle.

7.- Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

A acreditación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social realizarase presentando a seguinte documentación, de acordo cos artigos 13 e 15 do RXLCAP:

- De ser o caso, último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta no mesmo, cando esta sexa recente e non xurdira ainda a obriga de pago. A alta deberá aportarse en todo caso cando no recibo non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que lles faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen, debendo complementarse cunha declaración responsable do licitador de non terse dado de baixa na matrícula do citado Imposto.
- Certificación administrativa expedida polos órganos competentes da Administración do Estado e más da Xunta de Galicia relativa á inexistencia de débedas tributarias con estas Administracións.
- Certificación administrativa expedida autoridade administrativa competente da Seguridade Social acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas con esta entidade. No suposto que deba terse en conta algunha exención, haberase de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

O licitador que non estea obrigado a presentar todas ou algunha das declaracions ou documentos correspondentes ás obrigas tributarias que se relacionan no artigo 13 RXLCAP deberá acreditalo mediante declaración responsable.

A inexistencia de débedas tributarias co Concello de Porto do Son verificarase de oficio polos servizos municipais.

As certificacións a que se refiren os apartados anteriores deberán ser expedidas de acordo co disposto no artigo 15 RXLCAP .

Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das correspondentes obligacións tributarias. Así mesmo, haberán de presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite que están ao corrente no cumprimento das obrigas sociais que se esixan no país da súa nacionalidade. Toda a documentación relacionada neste apartado haberá de referirse aos doce últimos meses.

8.- Rexistro de Licitadores.

A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores do Estado ou da Comunidade de Galicia ou no Rexistro Voluntario da Deputación da Coruña eximirá aos licitadores inscritos con certificado en vigor da presentación nas convocatorias de contratación da documentación prevista nos apdos. **1.1, 1.2, 2, 3, 7 e**, no seu caso, da declaración relativa ao compromiso de ter contratados traballadores con discapacidade.

No referido á xustificación do cumprimento das obrigas tributarias, os xustificantes que figuren asentados no rexistro de licitadores deberán manterse vixentes á data de cumplirse o requerimiento. Noutro caso, non se entenderá acreditado este extremo pola inscrición no rexistro de licitadores e o empresario deberá achegar os xustificantes pertinentes.

Cando o licitador se atope inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores do Estado deberá achegar copia do certificado de inscrición e referencia indicando o número co que figuren inscritos, así como unha declaración responsable sobre a vixencia dos datos anotados no indicado rexistro, segundo o modelo que figura como **anexo VI** ao presente prego. De terse producido alteración dos datos rexistrais farase mención expresa na citada declaración, unindo a documentación correspondente.

9.- Constitución da garantía definitiva.

O licitador proposto para a adxudicación deberá constituír, a disposición do órgano de contratación, unha garantía definitiva de contía será igual ao 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, IVE excluído, segundo o previsto no **apartado 11 do anexo I**.

20) Adxudicación do contrato.

1.- O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco (5) días hábiles seguintes á recepción da documentación, sen prexuízo da eventual revisión da adxudicación en vía de recurso especial en materia de contratación. O contrato deberá adxudicarse, en todo caso, no prazo de dous meses desde a apertura das proposicións. A adxudicación será motivada, notificarase ós licitadores e publicarase no perfil do contratante.

2.- Se non se presenta a documentación requirida no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose entón a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

3.- Unha vez adxudicado o contrato e transcorridos os prazos para a interposición de recursos sen que se interpuxeron, a documentación que acompaña ás proposicións quedará a disposición dos interesados. Se estes non retiran a súa documentación no tres meses seguintes á data en que se lles notifique a adxudicación, a Administración non estará obrigada a seguila custodiando.

21) Perfección e formalización do contrato.

1.- O adxudicatario queda obrigado a subscribir, no prazo de quince (15) días hábiles a contar desde o seguinte á data de recepción da notificación da adxudicación, o documento administrativo de formalización do contrato.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á firma do contrato, deberá aportar escritura pública de constitución como tal (art. 59 TRLCSP).

2.- Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación, a formalización efectuarase dentro do cinco (5) días seguintes a aquel en que recibe o requerimento de formalización, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato ou se se levantou a suspensión.

3.- O contrato poderá formalizarse en escritura pública se así o solicita o contratista, correndo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento. Neste caso o contratista deberá entregar á Administración unha copia lexitimada e unha simple do citado documento no prazo máximo dun mes desde a súa formalización.

22) Renuncia ou desistencia á celebración do contrato.

1.- No caso de que o órgano de contratación renuncie a celebrar o contrato ou decidise reiniciar o procedemento para a súa adxudicación deberá notificalo aos licitadores.

A renuncia á celebración do contrato ou a desistencia do procedemento únicamente poderá acordarse antes da adxudicación. Nestes casos compensarase aos licitadores polos gastos en que incorresen, de acordo cos principios xerais que rexen a responsabilidade da Administración. Para estes efectos, o importe máximo destes gastos fixase na cantidade de cien euros (100,00 €).

2.- O órgano de contratación só poderá renunciar á celebración do contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente. Neste caso non poderá promoverse unha nova licitación en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a renuncia.

A desistencia do procedemento deberá fundarse nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, xustificándose no expediente a concorrencia desa causa. A desistencia non impedirá a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación.

EXECUCIÓN DO CONTRATO

23) Principio de risco e ventura.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, segundo o disposto polo artigo 215 do TRLCSP.

24) Dirección e supervisión da subministración.

1.- A dirección e supervisión da subministración correspóndele ao responsable do contrato ou, na súa falta, á persoa que para ese efecto sexa designada polo órgano de contratación, sendo as súas funcións a dirección, control e coordinación da subministración.

2.- O concello ten as facultades de supervisión e comprobación dos bens previstas no art. 295 TRLCSP.

De xeito específico, poderá realizar cantas comprobacións estime convenientes das calidades dos bens durante o procedemento para o seu recoñecemento no momento da entrega. Para estes efectos, un técnico designado pola Administración, en calquera momento e sen necesidade de aviso previo, poderá efectuar *in situ* o control dos bens a subministrar, coa finalidade de verificar a súa correspondencia cos ofertados polo contratista. A non conformidade dos bens, que se fará constar en acta levantada ao efecto, será causa de resolución do contrato.

25) Cumprimento do contrato.

1.- O contrato executarase con suxeición ás cláusulas dos pregos de cláusulas administrativas e prescripcións técnicas particulares, á oferta do contratista e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación der a Administración ao contratista a través, no seu caso, do responsable do contrato.

2.- O contratista será responsable da calidade dos bens que entregue así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros polas omisións, erros ou métodos inadecuados na execución do contrato.

Os bens a subministrar deberán cumplir coas prescripcións normativas vixentes no momento da entrega, sen custo ningún para o concello.

3.- Á entrega dos bens procederase mediante acto formal á súa recepción.

Os bens subministrados polo contratista deberán ser dunha calidade axeitada para o fin ao que se destinarán. Se os bens se atopasen en bo estado e fosen acordes ás prescripcións técnicas establecidas, o concello daraos por recibidos, levantándose a correspondente acta, que deberá ser asinada polos concorrentes á recepción, comezando entón o prazo de garantía.



Se os bens non se atopasen en estado de ser recibidos farase constar así na acta de recepción e daranse as instrucións precisas ao contratista para que se emende os defectos observados ou proceda a unha nova subministración de conformidade co pactado.

A acta de recepción deberá subscribirse no prazo máximo de quince (15) días a contar desde a entrega a satisfacción da Administración dos bens.

4.- O contratista, sen custo adicional ningún, deberá entregarlle ao concello toda a documentación, instrucións e manuais, redactados en galego ou castelán, e facilitar a información suficiente que poida requirirse pola Administración para a axeitada utilización dos bens subministrados.

No suposto de que a utilización dos bens a subministrar requira coñecementos específicos o adxudicatario deberá impartir todas as instrucións e formación ao persoal do concello necesarios, polo tempo que o concello estime preciso para a adquisición daquelas habilidades de manexo.

5.- Fíxase un período de proba dos bens subministrados dun (1) mes, contado desde a súa entrega efectiva. Durante ese tempo o concello comprobará o funcionamento dos bens subministrados e a súa adecuación ao prego e á oferta presentada. Se a Administración considerase que o funcionamento é defectuoso o adxudicatario estará obrigado a subministrar outros bens idénticos ós ofertadas en perfecto estado de funcionamiento, sen custo ningún para o concello. A negativa ou incumprimento desta obriga desta obriga polo contratista constituirá causa de resolución do contrato.

6.- O prazo de garantía dos bens contarase desde o día seguinte ao de sinatura da acta de recepción.

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado a repor os bens respecto dos cales a Administración acredítase a existencia de vicios ou defectos, ou ben a reparalos se esta medida se estimase suficiente polo órgano de contratación.

Se durante o prazo de garantía o órgano de contratación estimase que os bens entregados non son aptos para o fin pretendido como consecuencia dos vicios ou defectos observados neles, sempre que estes vicios ou defectos fosen imputables ao contratista e exista a presunción de que a reposición ou reparación dos bens non serán suficientes para lograr aquel fin, poderá rexeitar os bens deixándoo de conta do contratista, quedando a Administración exenta da obriga do pago ou, se este tivo lugar, terá dereito á devolución do prezo satisfeito.

26) Prazo de execución do contrato.

1.- O contratista deberá entregar os bens no prazo máximo previsto no **apartado 14 do anexo I**.

2.- O contratista está obrigado a cumplir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

Se a subministracións sufrisen un atraso na súa execución, sempre que non fose imputable ao contratista, e este ofrecese cumplir os seus compromisos, concederase polo órgano de contratación un prazo que será polo menos igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor, regulándose a súa petición polo establecido no artigo 100 do RXLCAP.

3.- A constitución en mora do adxudicatario non requirirá de intimación previa pola Administración.

DEREITOS E OBRIGAS DO CONTRATISTA

27) Pago do prezo do contrato.

O Concello de Porto do Son, previa recepción de conformidade dos bens, aboará o prezo do contrato de acordo co previsto no **apartado 18 do anexo I**, logo da aprobación das facturas expedidas polo contratista axustadas ás condicións descritas no referido **apartado 18**.

28) Dereitos do adxudicatario.

O contratista terá os seguintes dereitos fronte ao Concello de Porto do Son:

- a) Dereito ao aboamento do prezo do contrato, do xeito e nas condicións estipuladas na cláusula 27^a deste prego.
- b) Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pagamento fose superior a catro (4) meses, debendo comunicarlle á administración cun (1) mes de antelación tal circunstancia, para efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da devandita suspensión, nos termos establecidos no TRLCSP.
- c) Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se lle orixinen, se a demora da administración fose superior a seis (6) meses.
- d) Dereito a transmitir os dereitos de cobramento, nos termos do artigo 218 do TRLCSP.
- e) Os adxudicatarios poderán ceder e subcontratar as prestacións obxecto do presente contrato conforme ao previsto na cláusula seguinte deste prego.

29) Cesión do contrato e subcontratación.

1.- O adxudicatario poderá ceder os dereitos e obrigas nacidos do contrato a un terceiro coa autorización da Administración e sempre que se cumplan os requisitos establecidos no artigo 226 TRLCSP.

O cessionario deberá constituir a garantía definitiva dentro do prazo máximo de quince (15) días naturais a contar desde a autorización expresa polo órgano de contratación da cesión. O incumplimento desta obriga será causa de resolución do contrato.

2.- O adxudicatario do contrato poderá concertar con terceiros a realización parcial do mesmo sempre que se cumplan os requisitos establecidos no artigo 227 do TRLCSP quedando obrigado ao cumprimento dos requisitos e obligacións establecidos no artigo 228 do mesmo texto legal. En todo caso, o contratista asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte á Administración.

O contratista deberá comunicar á Administración a súa intención de subcontratar, as partes do contrato a que afectará e a identidade do subcontratista, así como xustificar a aptitude deste por referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e á súa experiencia. Así mesmo, xunto co escrito mediante o que se dea coñecemento á Administración do subcontrato a celebrar, o contratista deberá acreditar que o subcontratista non se atopa inhabilitado para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendido nalgún dos supostos do artigo 60 do TRLCSP. Dita acreditación poderá facerse efectiva mediante declaración responsable do subcontratista.

O pago polo adxudicatario aos subcontratistas axustarase ao disposto nos arts. 228 e 228 bis TRLCSP. Para garantir o cumprimento desta obriga, con cada factura, o adxudicatario deberá achegar o xustificante de pagamento dos traballos realizados no mes anterior polos empresarios subcontratados.

Os subcontratistas non terán, en ningún caso, acción directa fronte á Administración contratante polas obligacións contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos.

30) Revisión de prezos.

De conformidade co previsto no artigo 89 TRLCSP non procede a revisión do prezo do contrato durante a súa vixencia.

31) Obrigas do contratista.

1.- Os gastos de transporte e entrega dos bens obxecto da subministración no lugar sinalado no **apartado 13 do anexo I** serán de conta do contratista e este non terá dereito a indemnización ningunha pola deterioración dos bens antes do acto formal de recepción. Para o caso de que o acto formal de recepción dos bens sexa posterior á súa entrega, a Administración será responsable da súa custodia durante o prazo que medie entre un e outro.

A Administración poderá e modificar os lugares e programa de entrega dos bens en razón das súas necesidades, previa comunicación ao contratista.



2.- O contratista responderá de toda reclamación relativa á propiedade industrial, intelectual ou comercial dos materiais, procedementos e equipos utilizados na fabricación dos bens, tendo que indemnizar ao concello de todos os danos e perdidas que para el puideran derivar de reclamacións desta natureza, incluídos os gastos derivados da súa interposición.

32) Gastos de publicidade e impostos esixibles ao contratista.

1.- Son de conta do contratista os gastos e impostos, anuncios, xa sexa en Boletíns, Diarios Oficiais ou en calquera medio de comunicación, os de formalización do contrato no suposto de elevación a escritura pública así como de cantas licenzas, autorizacións e permisos procedan en orde a executar e entregar correctamente os bens obxecto da subministración. Para estes efectos, fíxase o importe máximo dos gastos de publicidade en 600,00 euros.

2.- O adxudicatario tamén estará obrigado a satisfacer todos os gastos que a empresa deba realizar para o cumprimento do contrato, como son os xenerais, financeiros, de seguros, transportes e desprazamentos, materiais, instalacións, honorarios do persoal ao seu cargo, de comprobación e ensaio, taxas e toda clase de tributos, o IVE, o imposto que pola realización da actividade puidese corresponder e calquera outros que puidesen derivarse da execución do contrato durante a vixencia do mesmo, sen que por tanto poidan ser estes repercutidos como partida independente.

33) Obriga de confidencialidade.

O contratista deberá respectar o carácter confidencial da información á que acceda na execución do contrato e á que se lle outorgase esa natureza no contrato ou que, pola súa propia natureza deba ser tratada como tal.

34) Obrigas laborais, sociais e ambientais.

1.- O contratista será responsable da observancia das disposicións vixentes en materia laboral, prevención de riscos laborais e seguridade e hixiene no traballo e de Seguridade Social.

Así mesmo, será responsable do cumprimento da normativa medioambiental de aplicación, especialmente no referido á producción e tratamiento de residuos.

2.- En ningún caso a adxudicación do contrato dará lugar ao nacemento dunha relación laboral entre o Concello de Porto do Son e o contratista ou o persoal ao seu servizo.

O persoal necesario para a execución do contrato dependerá exclusivamente do adxudicatario, o cal ostentará tódolos dereitos e obrigas inherentes á súa condición de emprendedor respecto deste, sendo o concello aldeo ás referidas relacións. En consecuencia, o persoal do contratista non poderá alegar fronte ao concello dereito ningún nin esixirlle calquera tipo de responsabilidade derivada das obrigas existentes entre contratista e persoal ao seu servizo, áinda como consecuencia de decisións dese baseadas no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

O contratista asumirá de forma directa, non séndolle trasladables ao concello, os custos derivados da mellora das condicións de traballo, incluídas as retribucións, do persoal ao seu servizo, sexan consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole.

35) Responsabilidade do contratista por danos e prexuízos.

O contratista será responsable de todos os danos e prexuízos directos e indirectos que se causen a terceiros ou ao concello como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Se os danos e prexuízos ocasionados fosen consecuencia inmediata e directa dunha orde dada pola Administración, esta será responsable dentro dos límites sinalados nas leis. Cando se trate de subministracións de fabricación, tamén será a Administración responsable dos danos que se causen a terceiros como consecuencia dos vicios do proxecto elaborado por ela mesma. En todo caso, será de aplicación o preceptuado no artigo 214 do TRLCSP.

36) Penalidades por incumprimento de obrigacións contractuais.

1.- Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total ou dos prazos parciais, ou nos supostos de cumprimento defectuoso do contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades descritas no **apartado 15 do anexo I**, de acordo co disposto no artigo 212 do TRLCSP.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades. Neste último suposto, o órgano de contratación concederá a ampliación do prazo que estime necesaria para a terminación do contrato.

Así mesmo, a Administración terá as mesmas prerrogativas cando a demora no cumprimento dos prazos parciais faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

2.- As penalidades faranse efectivas mediante dedución nas cantidades que, en concepto de pago parcial ou total, deban aboarse ao contratista ou, de non ser posible, sobre a garantía definitiva. Neste derradeiro caso, o contratista virá obrigado a completala no prazo de quince días hábiles seguintes á notificación do acordo de imposición da pena. A imposición de penalidades non exclúe a indemnización a que poida ter dereito a Administración polos danos e prexuízos ocasionados polo atraso imputable ao contratista.

A aplicación e o pago das penalidades non exclúen a indemnización a que a Administración poida ter dereito por danos e prexuízos ocasionados con motivo do atraso imputable ao contratista.

37) Suspensión do contrato.

A Administración poderá acordar por razóns de interese público a suspensión da execución do contrato. Igualmente poderá proceder a suspensión do cumprimento do contrato polo contratista de darse a circunstancia sinalada no artigo 216.5 do TRLCSP. Os efectos da suspensión do contrato reixeranse polo disposto no artigo 220 do TRLCSP así como nos preceptos concordantes do RXLCAP.

38) Prerrogativas da Administración.

1.- Dentro dos límites e con suxección aos requisitos e efectos sinalados polo TRLCSP, o órgano de contratación terá as seguintes prerrogativas:

- a) interpretalo;
- b) resolver as dúbdas que ofreza o seu cumprimento;
- c) modificalo por razóns de interese público;
- d) resolvelo e determinar os efectos da resolución.

2.- Os actos do órgano de contratación serán inmediatamente executivos, poñendo fin á vía administrativa. Contra estas resolucións poderá interporse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes, contado a partir do seguinte ao de notificación da resolución ou ser impugnado directamente ante a Xurisdición Contencioso Administrativa.

39) Modificación do contrato.

1.- Unicamente poderá modificarse o contrato por causas previstas nos pregos nos supostos e co alcance indicado no **apartado 16 do anexo 1**.

As modificacións do contrato tramitaranse consonte ao procedemento descrito no art. 234 TRLCSP e formalizaranse con arranxo ao establecido no art. 156 TRLCSP.

2.- As modificacións do contrato que impliquen aumento do seu prezo implicarán o reaxuste do importe da garantía definitiva na parte proporcional. A nova garantía deberá constituirse no prazo máximo de 15 días naturais a contar desde a notificación do acordo de modificación. Noutro caso, o concello poderá resolver o contrato.



EXTINCIÓN DO CONTRATO

40) Cumprimento do contrato.

Entenderase cumprido o contrato polo adxudicatario cando, transcorrido o prazo de vixencia total do contrato, aquél realizase de acordo cos termos do mesmo e a satisfacción da Administración a totalidade do seu obxecto.

41) Liquidación do contrato.

Dentro do prazo de trinta (30) días, a contar desde a data de recepción do contrato, a Administración deberá acordar e notificar ao contratista a liquidación do contrato e abonarlle, no seu caso, o saldo resultante. Porén, se a Administración recibe a factura con posterioridade á data da recepción, o prazo de trinta días contaráse desde que o contratista presente a referida factura no rexistro correspondente. Se se producise demora no pago do saldo de liquidación, o contratista terá dereito a percibir os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

42) Prazo de garantía.

1.- O prazo de garantía comezará a contar desde a data de recepción e será o establecido no **apartado 21 do anexo I** ou o superior que ofertase o adxudicatario.

Transcorrido o prazo de garantía, se non resultasen responsabilidades que haxan de exercitarse sobre a garantía definitiva, ditarase acordo de devolución daquela ou de cancelación do aval.

2.- Transcorrido un (1) ano desde a data de terminación do contrato sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase á devolución ou cancelación da garantía, sempre que non se produciron as responsabilidades a que se refire o artigo 100 do TRLCSP e sen prexuízo do disposto no artigo 65.3 do RXLCAP.

43) Resolución do contrato.

1.- Son causas de resolución do contrato as recollidas nos artigos 85, 223 e 299 do TRLCSP, así como as seguintes:

- A perda sobrevida dos requisitos para contratar coa Administración.
- O incumprimento das obrigas detalladas na cláusula 31 deste prego, que teñen a consideración de esenciais.
- A obstrución ás facultades de comprobación e inspección da subministración polo concello.
- As demais previstas nestes pregos.

Para a aplicación das causas de resolución estarase ao disposto nos artigos 224 do TRLCSP e 110 do RXLCAP, e para os seus efectos ao disposto nos artigos 225 e 300 do TRLCSP.

2.- A resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, mediante procedemento tramitado na forma regulamentariamente establecida polo artigo 109 do RXLCAP.

Nos casos de resolución por incumprimento culpable do contratista, seralle incautada a garantía definitiva e, ademais, deberá indemnizar ao concello os danos e prexuízos que lle causara no que exceda da garantía incautada.

3.- Cando se resolva o contrato, o concello terá a facultade de adxudicar a realización dos traballos pendentes de executar ao licitador ou licitadores seguintes, por orde de puntuación obtida na valoración das súas propostas, ao que resultou adxudicatario antes de proceder a unha nova licitación.

44) Régime jurídico.

O presente contrato de suministro tiene carácter administrativo y regístrate, sin perjuicio del dispuesto para la contratación por las Corporaciones Locales, conforme al RD Lexislativo 3/2011, de 14 de noviembre, aprueba el texto refundido de la Ley de contratos del sector público, no RD 817/2009, de 8 de mayo, que desarrolla parcialmente la LCSP, no RD 1098/2001, de 12 de octubre, aprueba el Reglamento general de la Ley de contratos de las Administraciones Públicas en lo que esté vigente y para demás normativa de contratación administrativa.

Supletoriamente aplicaránse as restantes normas de derecho administrativo e, no seu defecto, as normas de derecho privado.

45) Jurisdicción.

As cuestións litigiosas surdidadas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación e os seus acordos porán fin á vía administrativa e contra estes haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme ao dispuesto pola Lei reguladora da devandita xurisdicción, previa interposición, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prejuicio da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes.

ANEXO I

CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

1.- Definición do obxecto do contrato. Codificación. Regulación harmonizada.

1.- Este contrato tiene por objeto la suministro, con las características previstas en el **prego de prescripciones técnicas particulares**, de los siguientes bienes:

- Un (1) tractor.
- Una (1) rueda lateral hidráulica.
- Una (1) rueda de arrastre.

2.- Códigos CPV: 16700000-2 – Tractores.

3.- Código NUTS: ES111.

4.- Contrato sujeto a regulación harmonizada: NO.

2.- Órgano contratante: Concello de Porto do Son.

- Dirección postal: Rúa Atalaia, 7 – 15970 Porto do Son.
- Teléfono: 981 86 74 12
- Fax: 981 76 73 58
- Perfil del contratante: <http://www.portodoson.gal/>

3.- Orzamento de licitación. Crédito orzamentario.

1.- Orzamento total do contrato:

- Orzamento base de licitación: 108.900,00 euros.
- IVE repercutible: 18.900,00 euros.
- Valor estimado do contrato (art. 88 TRLCSP): 90.000,00 euros.

2.- Aplicación orzamentaria: 450.62300 (proxecto de gasto 20162I121).

4.- Procedemento de adxudicación.

- Tramitación anticipada: NON.
- Tramitación: urxente.
- Procedemento: aberto con múltiples criterios de adxudicación.

5.- Solvencia económica, financeira e técnica.

1.- Acreditación da solvencia económica e financeira:

- Declaración sobre o volume global de negocios, de xeito que o ano de maior volume de negocio dos tres (3) últimos exercicios concluídos sexa de como mínimo 1,5 veces o valor estimado do contrato.

Acreditarase coa presentación de copia das contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial correspondente e, para o caso de non estar obrigado a presentar as contas en rexistros oficiais, mediante os libros de contas debidamente legalizados.

2.- Acreditación da solvencia técnica e profesional:

- Relación das principais subministracións efectuadas durante os tres (3) últimos anos, do mesmo tipo ou natureza que o presente contrato, de xeito que o importe do ano de maior execución sexa de como mínimo 1,5 veces o valor estimado do contrato.

Acreditarase mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por este, ou a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario. Nos certificados deberá constar o importe, datas e destinatario, público ou privado, da subministración.

6.- Habilitación empresarial ou profesional precisa para a realización do contrato.

- Procede: NON

7.- Presentación de proposicións.

- Prazo: oito (8) días naturais a contar desde o seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no BOP da Coruña.
- Lugar: Rexistro Xeral do Concello de Porto do Son, en horario de 09:00 a 14:00 horas.
- Remisión de proposicións por correo: deberá xustificarse a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da proposición mediante comunicación telegráfica, fax ou telefax o mesmo día da presentación. Sen a concorrencia deste requisito non será admitida a proposta e, en todo caso, transcorridos dez días desde a data da comunicación referida sen ter recibido a documentación, esta non será admitida.

8.- Criterios de adxudicación.

1.- Criterios de adxudicación.

a) Avaliables mediante xuizo de valor:

- Calidade técnica dos bens a subministrar: ata 20 puntos.

b) Avaliables automaticamente:

- Ampliación do prazo de garantía dos bens: ata 15 puntos, de acordo co seguinte detalle:
 - Vehículo tractor: ata 10 puntos.
 - Rozadoras: ata 5 puntos.
- Oferta económica: ata 10 puntos.
- Redución do prazo de entrega: ata 5 puntos.

2.- Fórmulas de avaliación dos criterios de adxudicación.

- Oferta económica: "Programa para a valoración de ofertas económicas en contratos e concursos" da Deputación da Coruña accesible no enderezo electrónico <http://www.dicoruna.es/valoracion/>
- Ampliación do prazo de garantía e redución do prazo de entrega: **Puntuación= P x Of. Lic./Of. M.** Sendo: "P" a puntuación máxima outorgada ao criterio de adxudicación de que se trate; "Of. Lic." a oferta presentada polo licitador que se valora; "Of. M." a oferta más vantaxosa das presentadas.

3.- Criterios para a apreciación da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados:

- Supostos previstos no "Programa para a valoración de ofertas económicas en contratos e concursos" da Deputación da Coruña.

9.- Documentación a presentar en relación cos criterios de adxudicación.

- Calidade técnica dos bens a subministrar: memoria describindo de xeito pormenorizado as características técnicas dos bens ofertados e detallando aquelas que supoñan unha maior eficiencia na realización dos traballos, fiabilidade, menor antigüidade dos modelos e disponibilidade de repostos, así como calquera outras especificacións, característica técnica ou prestacións que represente unha vantage técnica.

A extensión da memoria non poderá exceder das 10 páxinas a dobre cara.

- Ampliación do prazo de garantía e redución do prazo de entrega: modelo segundo o **anexo III** deste prego.
- Oferta económica: modelo segundo o **anexo IV** deste prego.

10.- Mesa de contratación. Órgano de negociación.

1.- Mesa de contratación: estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente:
 - D. José Luis Oujo Pouso, Alcalde do Concello de Porto do Son ou concelleiro no que delegue.
- Vogais:
 - Dª. María José Maneiro Quintáns, Concelleira de Facenda, Persoal e Servizos Administrativos.
 - D. Antonio Romero Ribeiro, Concelleiro de Promoción Económica.
 - Dª. Mª Mar Lirola Delgado, interventora do concello ou funcionario que legalmente a substitúa.
 - D. José Manuel González García, secretario do concello ou funcionario que legalmente o substitúa.
- Secretario: un funcionario do concello.

2.- Órgano de negociación: NON PROCEDE.



11.- Garantías.

- Garantía provisional: NON.
- Garantía definitiva: 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, IVE excluído.
- Garantía complementaria: NON.

12.- Medios electrónicos.

- Licitación electrónica. Admítese a presentación de ofertas por medios electrónicos: NON.
- Perfil do contratante como medio de comunicación de defectos ou omisiones subsanables na documentación presentada: SI
- Procede: SI.

13.- Lugar de entrega dos bens.

- Casa do Concello de Porto do Son.

14.- Prazo de execución (entrega).

- Vinte (20) días naturais, desde o seguinte ao de formalización do contrato. En calquera caso, a data máxima de entrega será o 05/12/2017.

15.- Penalidades.

1.- Por demora no prazo de entrega: 0,30 euros por cada 1.000 euros de prezo ao día.

2.- Por execución defectuosa do contrato fixanse as seguinte penalidades:

a) Infraccións leves:

- A realización defectuosa da subministración que non afecte ao funcionamento dos servizos municipais.

As infraccións leves conlevan unha penalidade de ata 300,00 euros, en función da entidade do incumprimento.

b) Infraccións graves:

- A comisión de dúas infraccións leves.
- O incumprimento das condicións de execución do contrato, previstas nestes pregos ou ofertadas polo contratista, que non afecte de xeito grave ao funcionamento dos servizos municipais.

As infraccións graves conlevan unha penalidade de entre 301,00 a 2.000,00 euros, en función da entidade do incumprimento.

c) Infraccións moi graves:

- A comisión de dúas infraccións graves.
- A menor calidade dos vehículos entregados respecto da fixada no contrato ou ofertada polo contratista.
- O incumprimento das garantías asinadas no contrato.
- O incumprimento das condicións de execución do contrato, previstas nestes pregos ou ofertadas polo contratista, que repercuta de xeito grave no funcionamento dos servizos municipais.

A comisión dunha infracción moi grave conllevará unha penalidade de entre 2.001,00 a 6.000,00 euros ou a resolución do contrato.

16.- Modificacións previstas do contrato.

- Modificacións previstas nos pregos: NON.
- Condicións en que poderá modificarse o contrato: supostos previstos no Título V do Libro I TRLCSP.
- Alcance das modificacións: o previsto no Título V do Libro I TRLCSP.

17.- Subcontratación.

- Permitida: SI
- Porcentaxe máxima que o contratista está autorizado a subcontratar: ata unha porcentaxe que non excede do 50 por cento do importe de adxudicación.
- Porcentaxe que o contratista terá a obriga de subcontratar: 0%.
- Indicación na oferta da parte do contrato que se pretenda subcontratar: SI (sobre nº 1).

18.- Régime de pagos.

- Forma e prazos de pago: o concello aboará o prezo do contrato dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación da correspondente factura. Para o caso de que a Administración se demorase no pagamento, deberá aboar ao contratista os xuros de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro. Para que haxa lugar ao inicio do cómputo do prazo para o devengo de xuros, o contratista deberá cumplir coa obriga de presentar a factura no rexistro administrativo correspondente, en tempo e forma, no prazo de trinta días desde a data de realización da prestación. No caso de que o contratista incumpra o prazo de presentación de facturas no rexistro administrativo, non se devindicarán xuros ata que transcorran trinta días desde a data de presentación no rexistro sen que o concello lle dese a conformidade, se procede, e efectuase o correspondente pagamento.
- Instruccións para a facturación:
 - Os empresarios obrigados a presentar factura electrónica deberán realizar a presentación a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado (FACe), dispoñible na web <https://face.gob.es/>.
 - Os empresarios non obrigados a presentar factura electrónica poderán, á súa vontade, realizar a presentación por este medio a través do FACe. Para o caso de optar pola presentación en papel, deberán indicar na parte superior dereita da factura os códigos da "oficina contable", "órgano xestor" e "unidade tramitadora".
 - Os niveis de organización municipal do concello e os seus códigos son os seguintes:
 - Oficina contable: LA0001841-INTERVENCIÓN
 - Órgano xestor: LA0001840-ALCALDÍA
 - Unidade tramitadora: LA0001843-CONCELLO DE PORTO DO SON

19.- Revisión de prezos.

- Procede: NON

20.- Información sobre o contrato cuxo carácter confidencial debe respectar o contratista.

- Prazo durante o cal deberá manter o deber de respectar o carácter confidencial da información: 5 anos



21.- Prazo mínimo de garantía dos bens a subministrar.

- Dous (2) anos.

ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA AO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS LEGAIS PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN.

D/D^a..... con DNI/
NIE....., actuando en nome propio (ou en representación de, con NIF/CIF en calidad de, no procedimento para adxudicar o contrato "Subministración dun tractor e dúas rozadoras forestais. Concello de Porto do Son",

DECLARA DE XEITO RESPONSABLE:

1º.- Que cumpre coa totalidade dos requisitos legalmente establecidos para contratar coas Administracións Públicas.

2º.- Que coñece e acepta, de maneira íntegra e expresa, os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares que rexen

En a de de 201....

O licitador (asinado e rubricado)

ANEXO III. MODELO DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA E REDUCIÓN DO PRAZO DE ENTREGA.

D/D^a..... con
domicilio en.....
rúa nº, código postal.....,
teléfono....., fax titular do NIF....., actuando
en nome propio (ou en representación de), con NIF/CIF
..... e domicilio en rúa
....., nº, código postal, teléfono
....., fax toma parte no procedimento aberto con múltiples criterios de
adxudicación convocado polo Concello de Porto do Son para adxudicar o contrato "Subministración dun tractor e dúas rozadoras forestais. Concello de Porto do Son", comprométese a:

1º.- Ampliar o prazo mínimo de garantía mínimo dos bens a subministrar en:

a) Vehículo tractor:

..... (en número e letra)MESES.

b) Rozadoras:

..... (en número e letra)MESES.

2º.- Reducir o prazo de entrega dos bens a subministrar en:

..... (en número e letra)DÍAS.

En a dede 201....

O licitador (asinado e rubricado)

ANEXO IV. MODELO DE OFERTA ECONÓMICA.

D/D^a..... con
domicilio en.....

rúa nº, código postal.....,
teléfono....., fax

titular do NIF....., actuando en nome propio (ou en representación de, con NIF/CIF e domicilio en, rúa nº, código postal, teléfono fax) toma parte no procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación convocado polo Concello de Porto do Son para adxudicar o contrato "Subministración dun tractor e dúas rozadoras forestais. Concello de Porto do Son", e fai constar que coñece e acepta o prego de cláusulas administrativas e técnicas que rexe devandito contrato e que se compromete a realizar a subministración con suxeición ao mesmo, realizando a seguinte oferta:

- a) PREZO SEN IVE:(en número e letra)..... EUROS.
- b) IVE:(en número e letra)..... EUROS.
- c) PREZO TOTAL (a+b):(en número e letra)..... EUROS.

En, a de de 201....

O licitador (asinado e rubricado)

ANEXO V. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ATOPARSE INCURSO EN PROHIBICIÓN PARA CONTRATAR.

D/D^a..... con DNI/
NIE....., actuando en nome propio (ou en representación de, con NIF/CIF en calidad de, no procedemento para adxudicar o contrato "Subministración dun tractor e dúas rozadoras forestais. Concello de Porto do Son",,

DECLARA DE XEITO RESPONSABLE:

Que a citada sociedade, os seus administradores e representantes legais, así como o asinante, non se atopan comprendidos en ningunha das prohibicións e incompatibilidades para contratar sinaladas no artigo 60 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, nos termos e condicións previstos na mesma.

En, a de de 201....

O licitador (asinado e rubricado)



ANEXO VI. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES DO ESTADO

D./D.^a en calidad de con DNI/NIE n.º:, en nome propio ou en representación da empresa, con C.I.F:....., inscrita no Rexistro de Oficial de Licitadores do Estado, co n.º, co obxecto de participar no procedemento para adxudicar o contrato "Subministración dun tractor e dúas rozadoras forestais. Concello de Porto do Son",

DECLARA DE XEITO RESPONSABLE:

A) Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden co certificado do Rexistro.

B) Que dos datos desta empresa anotados no Rexistro de Licitadores sufriron variación os que a continuación se indican, segundo acredítase mediante os documentos que se achegan, manténdose os demais datos sen ningunha alteración respecto do contido do Certificado do Rexistro.

Datos que sufriron variación:

Documentación xustificativa que se adjunta:

En, a ... de de 201...

O licitador (asinado e rubricado)

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICA QUE HA DE REXER NO CONTRATO ADMINISTRATIVO "SUBMINISTRACIÓN DUN TRACTOR E DÚAS ROZADORAS FORESTAIAS. CONCELLO DE PORTO DO SON", A ADXUDICAR POR PROCEDEMENTO ABERTO CON MÚLTIPLES CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

1) Obxecto.

O obxecto do contrato é a subministración dos bens que se relacionan a continuación), legalmente documentados para circular e coas características descritas neste **prego de prescripción técnica particular**:

- Un (1) tractor.
- Unha (1) rozadora lateral.
- Unha (1) unha rozadora de arrastre.

2) Orzamento do contrato.

- Orzamento base de licitación: 108.900,00 euros.
- IVE repercutible: 18.900,00 euros.
- Valor estimado do contrato (art. 88 TRLCSP): 90.000,00 euros.

3) Condicións técnicas mínimas dos bens a subministrar.

1.- Os bens cuxa subministración constitúe o obxecto do contrato deberán reunir as características mínimas que para cada un deles se detallan:

a) Vehículo tractor.

- Motor:
 - Potencia mínima: 120 CV.
 - Par máximo: igual ou superior a 500 Nm (a 1.300- 1.400 rpm).
 - Catro (4) cilindros.
 - Con filtro de aire.
- Transmisión e caixa de cambios:
 - Embrague de accionamento hidráulico ou electrohidráulico.
 - Inversor electrohidráulico baixo par.
- Toma de forza:
 - Disco de embrague independente.
 - Accionamento electrohidráulico cun mínimo de 2 velocidades (540/ 1.000 rpm).
- Equipo hidráulico:
 - Forza de alzamento do brazo: en función da rozadora de brazo.
 - Circuito hidráulico: caudal mínimo de 95 l/ minuto.
- Outras:
 - Ángulo de xiro de dirección de 55 graos.
 - Cabina insonorizada con calefacción e aire acondicionado.

b) Rozadoras:

- Cabrestante:
 - Forza de tiro mínima: 8.000 kg.
 - Mínimo de 50 metros de cable de 14 mm de diámetro.
 - Accionamento hidráulico reversible.
- Rozadora de arrastre:
 - Rozadora de enganche traseiro.
 - Rotor de martelos ou de cadeas.
 - Desprazamento hidráulico lateral e vertical do tractor.
 - Ancho de traballo mínimo: 1,65 m.
- Rozadora de brazo:
 - Cabezal adiantado.
 - Alcance: entre 3 metros e 5,50 metros.
 - Cabezal: de 1,15 metros a 1,25 metros, adaptable a coitelas e martelos con dobre senso de xiro reversible e rotación.
 - Con sistema de refrixeración axeitado.

Os apeiros serán totalmente desmontables, permitindo empregar o tractor para traballos de prevención, defensa e extinción de incendios forestais.



2.- A subministración incluirá o sistema de ancoraxe das rozadoras ao tractor, constando de:

- Sistema de enganche homologado polo fabricante para as rozadoras.
- Sistema de unión ao tractor que anule o alzamento do elevador para maior estabilidade do conxunto.

3.- O vehículo levará serigrafiado nos laterais o escudo do concello e a lenda "Concello de Porto do Son" e, no seu caso, a publicidade do financiamento da Consellería do Medio Rural.

4) Prazo de garantía mínimo dos bens.

Os bens a subministrar terán un prazo de garantía mínimo de dous (2) anos, contados desde a data de sinatura da acta de recepción.

5) Prazo de entrega dos bens.

O prazo máximo de inicio da entrega do material será de vinte (20) días naturais contados desde a data de sinatura do contrato.

Porto do Son, 23 de outubro de 2017.

O Alcalde- Presidente,

DILIXENCIA: estes foron aprobados por decreto da Alcaldía nº 723 /2017.

Porto do Son, 26 /10 de 2017.

O secretario,

Asdo. José Manuel González García

